

INFORMACIÓN

VENTA DE VIVENDAS USADAS DE PROTECCIÓN OFICIAL

(VIVENDAS PROPIEDADE DE PARTICULARS QUE ESTÁN INTERESADOS NA
SÚA VENDA A TERCEIROS)

PROCESO DE SELECCIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓN S DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCION PÚBLICA (VPP)

- Requisitos dos adquirentes

Poderán acceder as vivendas protexidas de promoción pública as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade ou menores emancipados con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Estar inscritas/anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia no concello do Porriño, para vivenda de protección oficial de promoción pública. (Atopará información e a solicitude de inscrición na web: <http://igvs.xunta.es/web/actuamos/137>).
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar non superiores ao 2,5 IPREM (18.637,85 €).
3. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada. Neste suposto están obrigados a ofertar esa vivenda ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.
 - b) Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafiuamento xudicial ou administrativo non imputable ao interesado, ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de situacions de emergencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda, ou se atopen en calquera das situacions excepcionais previstas na Lei de Vivenda.

NON poderán acceder a unha vivenda de promoción pública as persoas que se atopen nalgúnha destas circunstancias:

- a) Que xa foran titulares dunha vivenda de promoción pública e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuamento, resolución de contrato tramitado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados.
- b) Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles, que teñan un valor catastral superior a 30.000 €.

- Procedemento de selección de adxudicación directa

As persoas interesadas manifestarán o seu interese na adquisición da/s vivenda/s, mediante SOLICITUDE dirixida á Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) en Pontevedra, coa seguinte dirección: R/ Alcalde Hevia, nº 7 (36071 Pontevedra). No escrito constarán os datos persoais e o número de credencial asignado á unidade familiar no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia. Poderá solicitar INFORMACIÓN nos teléfonos do IGVS:

986 80 52 97 (Autorización de Venda de Vivenda) e 986 80 53 14 (Rexistro de Demandantes de Vivenda), e atopará a SOLICITUDE DE AMOSAR INTERESE na web: (<http://igvs.xunta.es/permanenteSegundaTransmision.html>).

Ofertáronse as vivendas a través da páxina web do IGVS (<http://igvs.xunta.es/web/actuamos/593>) e, como non se tivo presentado ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, continúase coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento (<http://igvs.xunta.es/permanenteSegundaTransmision.html>), podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor do interesado que, figurando inscrito no Rexistro Único como demandante de vivenda de promoción pública, cumpra os requisitos especificados para os adquirentes e que manifesten expresamente o seu interese na adquisición da/s vivenda/s.

A designación de adquirente notificarase aos interesados (adxudicatario directo e vendedor). Na notificación constarán os datos do adquirente e do vendedor, así como o prezo de venda da vivenda e dos anexos (garaxe e rocho).


- Réxime de adquisición das vivendas:

As vivendas adquiriranse en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co **ANTERIOR PROPIETARIO**. O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e, unha vez asinado, deberá presentarse ante o IGVS para o seu visado, previamente a súa elevación a escritura pública.



**PUBLICIDADE PERMANENTE
DE VIVENDAS DE
PROMOCIÓN PÚBLICA EN**

**INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO**



SEGUNDAS TRANSMISIÓNS DE VPP

Concello	Expediente	Conta	Enderezo	Nº dorm.	Superficie	Prezo	Rocho	Garaxe
SILLEDA	PO-88/010	21	RÚA E, Nº 4 - 3º G	4	79.95 m ²	52496.57 €	SI	SI
SILLEDA	PO-94/010	1	CRTA. MOALDE, Nº 10, 1º A - BANDEIRA	3	79.50 m ²	59658.39 €	SI	SI
SILLEDA	PO-94/010	15	ESTRADA MOALDE-DEVESA, Nº 10-3º C	2	64.30 m ²	48552.01 €	SI	SI

D./Dna. _____ con D.N.I. _____, e nº de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, á vista da oferta de vivendas de promoción pública en segundas transmisións do concello de SILLEDA, para selección de adquirentes, que se atopa publicada no portal de Internet do IGVS.

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan):

- PO-88/010:21 (RÚA E, Nº 4 - 3º G)
- PO-94/010:1 (CRTA. MOALDE, Nº 10, 1º A - BANDEIRA)
- PO-94/010:15 (ESTRADA MOALDE-DEVESA, Nº 10-3º C)

_____, ____ de _____ de 201____

Sinatura

REXISTRO DE DEMANDANTES
Área Provincial do IGVS na provincia de Pontevedra
R/ Alcalde Hevia, 7 - 36071 Pontevedra